1º Efectivamente o Sr. Sotelo pelexou por meter o barco no transporte metropolitano, pero en que condicións... O concello paga máis do dobre que o resto dos concellos da área polo barco. 105.000 euros este ano, gracias ás gloriosas negociación de Sotelo, Moaña non chega a 50.000€.

2º.- É mentira que a área metropolitana fora paralizada polo transporte, a área supendeuse por defecto de forma na súa constitución, houbo varios concellos que nomearon mal aos seus representantantes. Non entran no tema do transporte porque no transporte había unha solución pactada, era o que pasaba porque os cangueses collesen gratis o Vitrasa (dous ao día, de ida e de volta). O PP o tirou pola borda, porque quería barra libre, era que os de Mos e Redondela. viaxaran por Vigo gratis e non lles preocupou Cangas.

O informe da secretaria chegoulles hoxe, porque foi o momento en que o fixo a secretaria. Querían que o inventase, se mandou por correo electrónico no momento de recibilo .

O Sr. Sotelo di que miren a fecha

O Sr. Alcalde.- A solicitude do informe é de cando presentaron un rogo, anterior á moción, e polo tanto pedin o informe antes da presentación da súa moción

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Misturan cousas; Miren, a tarxeta Pass e que os de Vigo paguen menos é porque o concello bonifica a Vitrasa. Preocúpame máis o do aparcamento do Cunqueiro. Tíñanse que preocupar vostedes porque a Xunta poña a disposición prazas á cidadanía os centos de prazas que teñen ali. Eu pelexarei con Caballero defendendo os intereses dos cangueses, como cobren aos cangueses nos cobraremos aos que veñan á Praia.

Teñen o informe e o seu momento de gloria

Sr. Iglesias Santos: ten lido con detenemento a traxectoria da constitución da área metropolitana ata o momento actual, coincido maioritariamente co que di o Sr. Alcalde. Respecto desta moción non lle parece recomendable hoxe mesmo, cando a UE esta derribando fronteiras, que iniciemos aquí unha loita con cidades limitrofes que nos acollen a traballar no seu territorio. Abrir un frente belico neste punto paréceme estéril, o que non quita que se o concello leva adiante a pretensión de beneficiar aos seus empadronados fronte a outros membro da área se tomen medidas.

Dille o PP que podería darlle unha volta a isto e delegar no alcalde para unha negociación

Incidencias:

Cando son as 21:04 horas abandona o Salón de Sesiós o concelleiro Sr. Mera Herbello.

Sr. Hermelo Álvarez: di que se defende o dereito a que os prezos sexan iguais e en igualdade de condicións. Na moción presentada polo seu grupo no seu momento xa se pedía que o transporte fose xestionado conxuntamente. Creemos que o transporte metropolitano sería a solución a moitos problemas. A Xunta debe garantir o servizo do acceso a través de medios de transporte publicos ou a través de aparcamentos públicos.

Sr. Soliño Costas: sen intentar mezclar temas, un é a area metropolitana e outro o tema de Vigo Pass que é o que nos trae aquí fai. Se quere o proximo mes presento unha moción sobre a área metropolitana. Sobre a tarxeta Pass son descontos a determinados cidadáns polo seu empadronamento, que según a lei di o Art. 74, que di:

"Os transportes públicos regulares de persoas de uso xeral teñen o carácter de servizos públicos de titularidade da Administración e poden ser utilizados, sen dicriminación por calquera persoa que o desexe nas condicións que establece esta Lei e demais normativas de aplicación. E no apartado b onde se fala das bonificacións, se di textualmente" En ningún caso se poderán establecer bonos atendendo a criterios exclusivamente territoriais, como a residencia, ou a condicións dicriminatorias, como a raza, a relixión ou a opinión da persoa usuaria "

Di que as conclusión do informe da secretaria é que non é legal establecer estas bonificacións. Di que visto esta ilegalidade se pide que non se pase por riba dos cangueses. Que se proceda a presentar un contencioso para que non se poña en funcionamento esta tarxeta



Concello de Cangas

Sr. Alcalde: di que sempre defenderá os intereses cangueses

1º non esta posta en marcha a tarxeta e o informe tamen di que é interpretación

Na moción refírense a Vigo Pass, en canto substitutivo da tarxeta verde e se repite, se se fai o aparcamento gratuíto para vigueses e intentan cobrar aos de Cangas denunciarei iso, e se a xustiza lle dá a razón, e un concello pode cobrar por unha infraestrutura pública, tomaremos as medidas oportunas. O primeiro punto está cumprido e ao segundo votaremos en contra.

Sr. Soliño Costas: votarán en contra, pero se ao final non defende os intereses dos cangueses o teremos que volver a presentar.

Sr. Alcalde: Sinala que pon en dúbida a legalidade do cobro do aparcamento, non así as bonificacións do Vitrasa (tería máis dúbidas). A tarifa é igual para todos e o Concello paga a Vitrasa polo cidadanos de Vigo. O mesmo tempo hai que esixir á xunta que o seu aparcamento sexa gratuíto para todo o mundo.

O luns da semana pedirei unha reunión co Alcalde de Vigo e lle levarei o informe da secretaria, pero vostedes saben coma min que o secretario do concello de Vigo non é manco, e que algo terá que dicir ao respecto, negociarei o tema.

Sr. Iglesias Santos: aquí votouse por unanimidade unha moción na que se pedía que a Xunta de Galicia que é quen ten competencia facilítase o tema do aparcamento.

Esta situación é xuridicamente máis complexa do que parece e pide ao PP que retire a moción.

Sra. Giráldez Santos: o BNG quería presentar unha emenda a esta moción precisamente para demandar da Xunta de Galicia a habilitación dun aparcamento gratuíto para todos os cidadáns da área metropolitana e non o fixemos por non desvirtuar a moción, pero presentaremos a moción no seguinte pleno.

Misturaron todo vostedes na moción. O BNG votaría en contra porque o informe que acabamos de recibir esta feito e a segunda parte se estudiará en profundidade e polo tanto non se pode tomar unha decisión.

Na exposición de motivos non misturen as cousas

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 8 (7 dos/as concelleiros/as presentes do PP e 1 de "CANGAS DECIDE")

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Votos en contra: 10 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 3 do BNG e 3 da ASPUN)

Abstencións: 1 do concelleiro do PsdeG-PSOE

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta transcrita anteriormente

Expediente 804/2018. Moción do grupo PP de 09.02.2018 sobre o Museo do Mar de Cangas Bernardino Graña.

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Sr. Giraldez : disculpa a ausencia do Concelleiro de Cultura por unha urxencia familiar

Sr. Sotelo Villar: Non hai problema en deixar a moción para outro próximo pleno. O concelleiro de cultura o día 1 de febreiro dixo que se estudiou a musualización dos restos do facho, e despois dixo que era mentira. Dixo o Concelleiro que era unha idea irrealizable, que o comentou informalmente que iso non o dixo. Isto o comenta o Concelleiro unha vez que se piden os estudos sobre o tema que non existen. A concesión da proposta caducou no seu día e a idea inicial, era para actividades culturais, aínda que agora é un desguace, aparcamento de coches

É momento para facer proposta de investimento de determinados proposta e facemos tres propostas, que xa se fai un ano da moción presentada con algo similar e dá lectura aos puntos do acordo

Por unanimidade queda retirada a moción para o próximo pleno

Incidencias:

Cando son as 21:25 horas abandona o Salón de Sesións o Sr. Alcalde e queda na Presidencia a primeira tenente de Alcalde Sra. Giráldez Santos.

Expediente 915/2018. Moción do grupo PP de 12.02.2018 sobre colocación de antena de telefonía móbil no pavillón do Gatañal.

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 7, En contra: 11,
Abstencións: 2, Ausentes: 0

Dáse conta do ditame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 19.02.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do PP

"Pola prensa coñecemos (A día de hoxe e despois de reiterados intentos non foi posible comprobalo fisicamente) que o Sr. Alcalde asinou coa empresa de telefonía Orange un convenio onde cede o uso dun ben demanial como é un espacio no pavillón de O Gatañal para a instalación dunha antena de telefonía que ven a substituir a localizada no camping de Liméns e

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



que a pesar do expediente urbanístico por denuncias realizadas polos veciños, a día de hoxe non foi retirada.

Resulta cando menos curioso que o actual Goberno Municipal defensor cando era Oposición da Saúde Pública e denunciante en múltiples casos (Lembrar episodios de Líméns, Av. de Marín ou Espírito Santo) dos posibles efectos canceríxenos dos campos electromagnéticos producidos pola telefonía móbil, agora coa súa habitual transparencia sabemos que non lles importa a saúde, e alugan un espazo no pavillón por 15 anos prorrogables, e 6.000 € de renda anual. (Faro de Vigo 17.01.2018).

O PP entende primeiro que non é competencia do Alcalde a cesión do uso dun ben demanial como é o pavillón municipal, senón que é competencia do Pleno da Corporación (Solicitaremos o preceptivo informe xurídico) e en segundo lugar como é posible que si a antena se retira de Líméns pola presión veciñal e posibles efectos nocivos sobre a saúde pois existen vivendas preto dese lugar, se traslade dita infraestrutura a unha instalación deportiva municipal onde hai cada día adestrando varios centos de deportistas de tódalas idades, moitos deles nenos e nenas, un colexio a menos de 200 m. en liña recta e no medio dunha urbanización. Como di o refrán "Quien os ha visto y quien os ve" ou aquel outro de "Ver para creer".

Por todo iso, efectuamos as seguintes PROPOSTAS DE ACORDO:

1.º- O Pleno do Concello insta a Alcaldía a anular dito convenio coa empresa ORANGE.

2.º- O Pleno do Concello insta o Goberno Municipal a contratar unha asistencia técnica para establecer un mapa onde se sitúen antenas de telefonía móbil que permitan dar cobertura en todo territorio municipal sen riscos para a saúde pública."

DELIBERACIÓNS:

Sr. Graña Graña: dá lectura e expón a proposta, logo de que esta moción xa se trouxera ao anterior pleno por urxencia pero fora rexeitada. A ubicación elixida é a peor posible, a 200 m dun colexio, rodeada de vivendas e se trata dun pabillón visitado por moita xente diariamente. Di que falamos dun problema de saúde ambiental, compete a dúas concellerías que aínda non dixeron nada sobre este tema. Os principios de precaución e prudencia son os que deben rexer as actuacións das administracións públicas nestes temas. É certo que estas radiacións teñen efectos sobre a cidadanía, non podemos ser nós os que poñamos en perigo a cidadanía. As compañías deben amosar que estas radiacións non teñen efecto sobre os veciños

Incidencias:

Cando son as 21:27 horas incorpórase ao Salón de Sesiós o Sr. Alcalde.

É salientable como cambian as opinións cos tempos, noutras épocas, os mesmos que gobernan agora protestaban por antenas separadas máis de 300 metros no 2012 e agora por menos distancia non din nada. A ONU recomenda separar as antenas dos colexios denunciaban en prensa no 2012 e pedían á alcaldía que se retirase a ubicación

Sr. Alcalde: di na moción "ver para crer", eso digo eu. O mesmo grupo que nunca levantou a voz por



ducias de antenas espalladas por todo Cangas agora pretende axitar á xente. O mesmo grupo que non lle importou a instalación dunha antena nun camping. E acusa ao goberno de venderse por 6000 € é ridículo, o que hai un convenio marco, porque parece a ubicación máis idónea, se é certo que existe un estudo de Retegal de distintas ubicacións, que me comprometéñ cos veciños a conseguir non hai ningunha licenza aínda. Tamén existen convenios coa comunidade

Chama malencarado ao Sr. Graña Graña.

O Sr. Graña Graña pídlle que o retire.

O Sr. Alcalde: retira a descalificación. Falando da antena do Gatañal non ten sentido mobilizar á xente xa, hai un concelleiro do PP en contacto telefónico cos veciños, “ esto non é Nueva York e nos coñecemos todos “. Para dar licenza a esa antena hai que presentar un proxecto, onde virán as radiacións que emite, e a día de hoxe a antena non está posta. Se hai outras ubicacións poderían estudarse, non imos poñer aos veciños uns contra outros, isto é como o lixo, non me poñas o contenedor enfrente da casa pero quero o servizo. Non hai permiso, nin empezou a obra

Sr. Iglesias Santos: sinala que hai un conflito de intereses na zona, porque lle consta que hai unha zona oscura onde non chegan as ondas, por outro lado tamén existen vivendas cerca. Di que quedamos á espera de que a compañía Orange presente as especificacións técnicas da montaxe que se instale alí. Outra cosa que lle preocupa é que nas conclusións do informe de secretaría se indica que os prazos máximos da concesión son 75 anos, cuidado cos prazos, que non hipotequen o futuro. Respecto da noticia do Faro de Vigo de 19 de xaneiro quere saber se presentaron algunha denuncia por escrito ou solo unha toma de contacto coa alcaldía. Segundo se conteste aí se pronunciará o PSOE.

Sr. Alcalde: di que a alcaldía que reuníuse coa ANPA do Ceip de San Roque e cos veciños da urbanización do lado do pabillón e non lle consta ningunha denuncia por escrito. Quedouse de que cando presentasen a documentación técnica convocaría unha reunión.

Sra. Giráldez Santos: Indica que visto os comentarios de boicot, contradicións, di que vai ser clara por última vez neste tema. O BNG denunciou no seu día o que vostedes facían, permitindo instalacións de unha antena sen estudos, sen informes sectoriais, sen informes municipais e sen licenza. Iso é esixir o cumprimento da lei, non un boicot. Neste caso a actuación do goberno municipal é completamente diferente, si esiximos informes sectoriais, informes municipais e despois licenza.

Di que neste tempo lembra que o PP aprobou unha nova lei de telecomunicacións moi permisiva coas grandes compañías en contra dos intereses das administracións locais. Nos denunciámos actuacións ilegais no seu momento, se instalaba unha antena e se abría un vial, a continuación este goberno falou coa compañía, mérito de Tomás, presentouse toda a documentación.

Sr. Hermelo Alvarez: di que comparte a exposición da Sra. Giráldez Santos, e logo de estudar a lei nova de telecomunicacións pode afirmar que na mesma non se recollen distancias mínimas. As compañías alegaron contra a ordenanza de telecomunicacións do concello por defectos de forma e a mesma foi anulada. Fai aproximadamente dous meses presentouse un segundo estudo polo goberno do PP onde se recolle a non demostrabilidade da afectación á saúde. Informa que no contorno do campo Bahía hai máis de 9 antenas de telefonía. E fácil revisar o inventario das antenas legalizadas porque estan na páxina web, non están recollidas as ilegais



Ás veces queremos servizos, pero non padecer ou ver as antenas. Nós daquela non existiamos como grupo político, en canto as alusións efectuadas, a nivel persoal hai 8 anos estaba en contra das antenas e o estiven, a día de hoxe, a base de estudos científicos o meu criterio cambiou porque as evidencias científicas mudan, o cal non é un problema, e parece máis unha cuestión política que técnica

Sr Graña Graña: di que o campo do Bahía está en Bueu, os problemas de saúde hai que demostralos, o tabaco tampouco era un problema de saúde, este ten un componente potencialmente cancerixeno pola OMS.

Dílle á Sra. Giráldez Santos que soamente leu palabras súas do faro de Vigo, non extractos, que dá lectura ao texto completo. Esta antena non ten licenza municipal non ten estudos pero hai un contrato asinado dende o 15 de decembro con esta compañía, o asinaron sen estudos? É unha irresponsabilidade. Agora o que di o Sr. Alcalde de que vai conseguir o estudo de Retegal, agora?. A diferenza dos edificios que nombraba o Sr. Hermelo é que estos son privados, e cobra a comunidade de veciños pola súa instalación. Pide responsabilidade.

O Alcalde: di que non hai ningún contrato asinado, que distinga convenio de contrato

Sr. Millán Blanco: di que a Sra. Giráldez Santos acusou de boicot a Pío Millán, insiste vostede boicoteou a instalación dunha antena na lexislatura anterior e perseguíu a algún membro da comunidade de montes, e sábeo ben. A diferenza é que nos intentamos fácil e vos non queríamos e nós estamos contentos de que se saquen os proxectos agora.

Sra. Giráldez Santos: pregunta que se a mirou perseguindo, dígame cando e donde, igual me levanto en sonos.... Creo que está dicindo cousas falsas, non sei quen lle meteu iso na cabeza, é falso. Non se boicoteou a instalación de antena, se solicitou solución e denunciáronse as súas irregularidades; facer vista gorda de instalar algo encima dun xacemento.

VOTACIÓN E ACORDO:

Votos a favor: 7 dos/as concelleiros/as presentes do PP

Votos en contra: 10 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 3 do BNG, 3 da ASPUN).

Abstención: 2 (1 dos/as concelleiros/as presentes do PsdeG-PSOE e 1 de "CANGAS DECIDE")

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta transcrita anteriormente

Expediente 846/2018. Moción do grupo ASPUN de 14.02.2018 para a posta en marcha de medidas para a elaboración de un novo Plan de Transporte Público

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria
A favor: 12, En contra: 7,
Abstencións: 1, Ausentes: 0



Incidencias:

Cando son as 21:55 horas abandona o Salón de Sesións o Sr. Alcalde e queda na Presidencia a primeira tenente de Alcalde Sra. Giráldez Santos.

Cando son as 22:01 horas incorpórase ao Salón de Plenos o Sr. Alcalde.

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 19.02.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo ASPUN, do día 14.02.2018, relativa a posta en marcha de medidas para a elaboración dun novo Plan de Transporte Público que é como segue:

“INTRODUCCIÓN:

Galiza necesita outra política de Transporte. Unha política integral que teña como obxectivo prioritario a articulación territorial do país. Articulación que debe estar vertebrada por unha interconexión de calidade entre áreas metropolitanas, núcleos vilegos, zonas periurbanas e rurais, capaz de dar resposta ás demandas de mobilidade presentes e futuras da nosa poboación.

Resulta pois, fundamental, transcender a dimensión espacial do termo transporte (centrado no acto físico de portar mercadorías e persoas) e introducir a dimensión social que leva consigo implícita a mobilidade, centrada na capacidade das persoas para exercer un desprazamento. Dimensión social transversalizada en todo momento por un elemento clave: a accesibilidade.

Atopámonos nun momento transcendental para que as galegas e galegos poidamos contar cun Plan de Transporte Público de Galiza que dea respostas concretas e efectivas a problemáticas históricas do noso territorio. O límite temporal fixado pola Lei 10/2016 de Medidas Urxentes para a Actualización do Transporte Público, obriga á aprobación do Plan de Transporte 21 meses despois da súa entrada en vigor, polo que se conta cun horizonte de tan só 10 meses por diante para a súa aprobación.

Temos por tanto, a OPORTUNIDADE E A RESPONSABILIDADE de acometer coa máxima premura os traballos que sexan necesarios para que a elaboración do Plan de Transporte de Galiza conte coa máxima participación e diálogo social, garante de que se fixe como eixo fundamental a optimización do servizo en base a criterios de rendibilidade social, sostibilidade, transparencia e necesidade. Temos a oportunidade e a responsabilidade de que o Plan de Transporte sexa froito dunha planificación integral da mobilidade do país artellada baixo os principios de solvencia técnica, rigor técnico e máxima seguridade xurídica.

A Sentenza de marzo de 2016 do Tribunal Supremo, que anulou 129 concesións de transporte público por estrada, prorrogadas pola Xunta apelando a criterios contrarios á lei, dan boa conta do desleixo e irresponsabilidade co que foi tratado un sector estratéxico para o noso país. Un sector no que o Partido Popular leva décadas favorecendo a creación dun mercado do transporte en beneficio das grandes compañías, poñendo por riba dos dereitos das persoas, criterios



mercantís e de redución de custos.

É unha obriga para o futuro do noso país mudar o rumbo. Galiza non entrará no S.XXI ata non ter unha rede de transporte público de calidade, cómpre poñer todos os esforzos en acadala

PRINCIPIOS XERAIS

1. Garantir o dereito á mobilidade: *Toda planificación da mobilidade no noso país debe estar fundamentada no beneficio social e na búsqueda de mellora de calidade de vida da poboación, reducindo os tempos empregados nos desprazamentos e garantindo que se poidan exercer dentro de parámetros de equidade e xustiza social, con independencia de renda e lugar de residencia.*

2. Garantir un transporte público de calidade , *capaz de dar alternativa real ao vehículo privado, con independencia dos factores socioeconómicos das persoas usuarias. Un transporte público de calidade será aquel que polas súas características sexa percibido como atractivo e útil pola poboación de forma transversal, cunha tipoloxía de usuario que abrangha todas as franxas de idade, renda ou lugar de residencia*

3. Mellorar a calidade ambiental e impulsar a soberanía enerxética. *Dispoñer dun transporte público efectivo incidirá nun uso racional do vehículo privado, este feito leva aparellada sen dúbida unha redución de emisións de CO2 e de gases contaminantes, así como unha diminución do consumo enerxético global.*

4. Garantir a Accesibilidade en todo o Transporte Público

5. Apostar polo equilibrio territorial e pola proximidade: *A rede de transporte público debe ser vector de equilibrio entre os diversos territorios, garantindo o acceso a servizos a toda a poboación con independencia do seu lugar de residencia. Debe requirir especial atención o fomento dun transporte de proximidade.*

6. Impulsar o dinamismo económico: *A mobilidade debe permitir favorecer o atractivo das actividades terciarias, converténdose nun instrumento para desenvolvemento económico do país, contribuíndo en definitiva á dinamización económica do mesmo.*

7. Integrar a todos os colectivos e administracións implicados. *Deben estar integrados todos os colectivos e axentes con implicación na materia dentro dun marco de colaboración activa. Ao mesmo tempo que se debe contar con todas as administracións con facultade e competencia na materia para traballar en prol dun dereito que afecta á vida cotiá da poboación.*

Solicitamos

Instar a Xunta de Galicia a:

- Elaborar un novo modelo de mobilidade que vertebre un novo modelo de país. Un modelo que responda ás necesidades reais da poboación, froito do diálogo social dentro dun marco de colaboración activa e baixo criterios de beneficio social sobre os beneficios monetarios, un modelo elaborado nun marco de participación social e transparencia.

- Constituir unha Mesa para o Diálogo do Transporte Público con representantes da Xunta, sindicatos e empresas do sector, FEGAMP e Deputacións, direccións de colexios e ANPAS, ademais de asociacións da sociedade civil que sumen representatividade, coñecementos e



capacidade propositiva para podermos, así, articular un espazo de información, deliberación, debate e deseño participativo do novo Plan de Transporte Público de Galiza.

- Diseñar unha rede de transporte colectivo atractivo polo número de frecuencias e rutas, baixo as premisas de fiabilidade, puntualidade, accesibilidade e competitividade en tempos.

- Artellar o país coa lóxica metropolitana e comarcal, impulsando medidas como a conexión coas cabeceiras de comarca, implantación de aparcamentos disuasorios nas contornas das áreas urbanas e introdución do transporte urbano onde non exista.

- Impulsar a intermodalidade con outros medios de transporte, implementando sistemas de xestión e tarifarios unificados para para incluír, ademais dos autobuses urbanos e metropolitanos, novas opcións coma os ferrocarrís de proximidade, tranvías e metros lixeiros, transporte marítimo metropolitano, etc.

- Diseñar unha rede de transporte colectivo tendo en contas as diferentes áreas funcionais, dando cobertura e conexión aos principais modos atraccións de mobilidade como hospitais, universidades, centros comerciais, polígonos industriais, estacións, etc.

- Fomentar outras formas de mobilidade sostible, tanto ciclista como peonil.

- Garantir a mobilidade en espazos rurais e zonas de baixa densidade de poboación mediante a implantación progresiva de concesións zonais, uso de vehículos de transporte colectivo de menor tamaño e outras iniciativas como programas de transporte a demanda ou transporte escolar compartida.

- Integrar o transporte marítimo e desenvolver sistemas integrados de transporte colectivo, nos espazos de maior densidade litoral como as Rías Baixas e a Mariña de Lugo."

DELIBERACIÓNS:

Sra. Vizoso Marcos: da lectura á moción.

Sr. Gestido Porto: di que bota en falta algo en concreto para o noso concello, creemos que é necesario poñer en marcha unha comisión, unha mesa de traballo sobre o tema

Sr. Iglesias Santos: di que non ten nada que engadir porque pensamos que é unha declaración de principios ampla á que nos sumamos sen reservas.

Sr. Soliño Costas: respecto ao contido moción, entende que se redactou seguindo o sentido común, xa que os técnicos que o redactan seguen estes principios que incorporades á moción, estes puntos son básicos, fundamentais en calquera plan de transporte público. Pide elaboración dun plan de medidas, supoño que non plan do futuro que non se plantexa a mobilidade con carros de bois nin cohetes espaciais, senón medios adaptados ás necesidades actuais, sempre se pode mellorar, non todos temos os mesmo gustos nin necesidades polo que votaremos en contra.

VOTACIÓN E ACORDO:



Concello de Cangas

Votos a favor: 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 3 do BNG, 3 da ASPUN, 1 do PsdeG-PSOE e).

Votos en contra: 7 dos/as concelleiros/as presentes do PP.

Abstencións: 1 do concelleiro de "CANGAS DECIDE"

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente

Expediente 859/2018. Moción do grupo ACE de 15.02.2019 a prol dun Centro de Alta Resolución do Morrazo.

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 19.02.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal ACE, presentada o día 15.02.2018, a prol dun Centro de Alta Resolución do Morrazo, que é como segue:

"Constatada a confusión deliberada por parte da Consellería de Sanidade con respecto do estudo de necesidades sanitarias comprobado que se están realizando enquisas nos concellos de Moaña e Cangas obviando a Bueu, este grupo municipal entende que para acadar o obxectivo esencial e imprescindible a construción dun C.A.R., na inexistenza dun hospital comarcal, é obrigado crear conciencia e implicar a comarca do Morrazo, nomeadamente Cangas, Bueu e Moaña, para que todos os Concello e Mancomunidade rememos na mesma dirección e non caíamos na trampa de facer mero seguidísimo das directrices da Xunta que de non contemplar a presenza e o protagonismo nen do Concello de Bueu nen a Mancomunidade do Morrazo como vertebradora territorial, social e sanitaria.

Existen exemplos no Estado Español como é o caso do centro de Alta Resolución de Trujillo que atende unha poboación de 48.000 habitantes nun espazo físico de algo máis de 6.000 m2.

No caso do Morrazo-Mancomunidade, o CAR atendería unha poboación moi cercana aos 60.000 habitantes que por suposto na época estival supera ampiamente os máis de 100.000 cidadáns.

En consecuencia, o grupo municipal de ACE propón ao Pleno acordar o seguinte:

- Dirixirse e instar á Consellería de Sanidade para que no estudo de necesidades sanitarias inclúa dende un primeiro momento aos concellos do Morrazo, nomeadamente os que conformamos a Mancomunidade de concellos do Morrazo, no convencemento de que a consecución do CAR resulta imprescindible para resolver de forma urxente e inmediata a problemática sanitaria no noso territorio.

- Dirixirse ás Alcaldías de Moaña e Bueu para acordar a celebración dunha asemblea

Concello de Cangas

Avenida de Castela, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



extraordinaria da Mancomunidade para tratar este mesmo asunto."

EMENDA DE SUBSTITUCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL PP:

1º.- Instar ao Presidente da Mancomunidade a que convoque unha asemblea extraordinaria da Mancomunidade para tratar a situación sanitaria nos concellos de Bueu, Cangas e Moaña, e incorporar as conclusións no documento que se estea a tramitar por parte do Consellería de Sanidade.

2º.- Instar á Consellería de Sanidade a incluír o CAR ou Centro Integral de Saúde para o Morrazo en Cangas."

DELIBERACIÓNS:

Sr. Sotelo Villar: defende a emenda, dende o noso punto de vista dificilmente se pode aprobar algo que non sabemos a criterio que ten Bueu. Hai menos de un ano aquí se aprobou dirixirse ao Concello de Bueu para preguntar sobre o tema de integrarse na área sanitaria Sur. Por iso pedimos que se convoque á asemblea para tratar a situación de cada un dos concellos e respecto do punto 2º cremos que non é o mais axeitado, e se considera que se se fai unha infraestrutura sanitaria de carácter supramunicipal debe ser en Cangas, xa que é a cabeceira, e por mais criterios de ubicación, distancia, contar con algunha especialidade. Dificil é que se vaia ofrecendo a mesma proposta en Cangas e en Bueu.

Perdonade a redacción da emenda que redactouse a todo correr pero se pode modificar.

Sr. Abalo Costa: a ver se somos capaces de chegar a punto de encontro. Poderíamos manter os dous puntos e engandiríamos o terceiro do PP, para que cando se remita ás alcaldías e a tomen en consideración para que contemos coa súa participación. Se incorpore o consenso de toda a corporación, que incorporará os informes técnicos para perfilar mellor o tema.

A ACE preocúpalle que se estean facendo xa enquisas respecto das necesidades de facto excluindo a Bueu. Quiza a consellería ten boa intención, e finalmente tras a valoración e o seu estudo entende que é algo irrenunciable. Isto é fundamental porque para os temas de carácter inmediato é elementan, a grande mobilización pasa por problemas que hai cuestións que en casos de urxencias e atención inmediata non contan cun centro destas características pode ser letal. A concentración para os tres concellos xustificaría o investimento económico e sanitario e entraría a especificidade de tipo de asistencia sanitaria.

Incidencias:

Cando son as 22:15 horas faise un receso para consensuar.

Cando son as 22:17 horas retómase a sesión.

Modifícase a proposta do grupo municipal ACE, e se incorpora un punto terceiro engadido polo grupo municipal PP.



VOTACIÓN E ACORDO COA ENGÁDEGA: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta transcrita coa emenda presentada, que queda da maneira seguinte:

1º.- *Instar ao Presidente da Mancomunidade a que convoque unha asemblea extraordinaria da Mancomunidade para tratar a situación sanitaria nos concellos de Bueu, Cangas e Moaña, e incorporar as conclusións no documento que se estea a tramitar por parte do Consellería de Sanidade.*

2º.- *Instar á Consellería de Sanidade a incluír o CAR ou Centro Integral de Saúde para o Morrazo en Cangas.*

3º.- *Neste sentido o Presidente da Mancomunidade concretará dita convocatoria e trasladará previo estudo a centralidade do noso concello de cara a instalación da devandita infraestrutura.*

Expediente 858/2018. Moción do PSdG-PSOE de 15.02.2018 referente a Rosalía de Castro.

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 19.02.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PS de G-PSOE, do día 15.02.2018, relativa a Rosalía de Castro, que é como segue:

"Rosalía de Castro é a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas. A publicación do seu libro Cantares Gallegos, o primeiro escrito integramente no noso idioma, desde a vontade firme e inequívoca do seu significado, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento.

A súa obra é un retrato do pobo galego e goza dunha total actualidade. Desde o século XIX Rosalía de Castro foi homenaxeada polas galegas e os galegos como poeta nacional, pois reclamou a redención da patria galega e asumiu a voz do seu pobo, voz que guiou permanentemente a súa obra e o seu pensamento. Esta galeguidade intrínseca dos seus textos, esta comunicación e entendemento permanente co seu pobo, ao se dirixir a el no seu idioma propio, foi o que a fixo tamén poeta de todos os pobos, chegando a formar parte da nómina de escritoras máis destacadas da literatura universal de todos os tempos.

Por todos estes motivos a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeracións máis novas que colectivamente contribuímos a coeducar, sendo a súa palabra feita poesía ou prosa reflexiva un dos procedementos máis eficaces para fomentar o amor á nosa lingua e comprender a nosa identidade cultural.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Socialista solicita ó pleno da corporación a toma dos seguintes:



ACORDOS:

- Declarar o 24 de febreiro Día de Rosalía no noso concello.
- Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen ao conxunto dos veciños e veciñas do noso concello o 24 de febreiro, data recollida oficialmente pola Consellería de Cultura no seu Calendario do Libro e da Lectura.
- Realizar unha lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado do concello na que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista."

DELIBERACIÓNS:

Sr. Iglesias Santos: dá conta da proposta como unha proposta da asociación de escrituras en lingua galega. O día 24 é mañán e xa nos pillou tarde para este ano.

Incidencias:

Cando son as 22:20 horas abandona o Salón de Sesión a concelleira Sra. Castro Paredes e incorpórase cando son as 22:23 horas.

Sr. Gestido Porto: di que apoiará a moción.

Sr. Abalo Costa: di que apoiará a moción, a pesar de ser unha muller secesionista.

Sra. Giráldez Santos: di que o BNG apoia a moción, que é reiterativa. Indica que isto requerirá un trámite polo regulamento de honores e distincións, deberíase iniciar os trámites. O apoiamos porque levamos anos pedindo isto.

Sr. Millán Blanco: di que algunha cousas nos colleron a contra pe, é unha declaración de vontade para traballar neste punto. Manter viva o seu labor é unha obriga.

Sr. Heremelo Álvarez: di que se se vota co acordo indicando no punto 1º que se inicien os trámites para declarar o día, e que se ten que facer con todo o procedemento. Ou se fai por unha via é iniciar os trámites para que quede para o ano que ven.

Sr. Alcalde: indica que se se aproba, evidentemente é seguindo os trámites necesarios a moción pasa a súa votación rectificadora como segue:

- Iniciar os trámites para declarar o 24 de febreiro Día de Rosalía no noso concello.
- Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que



impliquen ao conxunto dos veciños e veciñas do noso concello o 24 de febreiro, data recollida oficialmente pola Consellería de Cultura no seu Calendario do Libro e da Lectura.

- Realizar unha lectura pública da obra rosaliana nun lugar destacado do concello na que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista."

VOTACIÓN E ACORDO: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta presentada,

Expediente 849/2018. Moción de Cangas Decide de 15.02.2018 s/ excrementos caninos

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 19.02.2017.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal "Cangas Decide", presentada o día 14.02.2018, relativa aos excrementos caninos, que é como segue:

"OS excrementos de cans abandonados na rúa son unha fonte de enfermidades, sobre todo, para os nenos. OS cans que non están desparasitados poden eliminar a través das feces parasitos intestinais, que acaben nas mans e na boca dos máis pequenos. OS excrementos de can tamén poden provocar caídas e, cando quedan adheridos aos zapatos, levan a casa, xunto coas bacterias que conteñen.

Cada vez son máis as persoas que deciden ter cans no noso Concello. O cal esta provocando que cada día esta aumentando a cantidade de excrementos en zoas públicas. Pero non todos os donos de animais están concienciados coa importancia de manter a vía pública libre dos excrementos dos seus cans.

E polo que presentamos para seu debate no Pleno a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

1. Poñer en marcha campañas para concienciar sobre a importancia de manter a rúa libre de excrementos. É imprescindible que esta mensaxe chegue tamén aos nenos. As campañas escolares sobre por que e como recoller os excrementos caninos son fundamentais para crear conciencia.

2. Aumentar o número de dispensadores de bolsas e luvas, para que os donos de cans poidan recoller os excrementos dos seus animais.

3. Poñer en marcha un sistema xa implantado en moitos Concellos no que consta en incluír nos datos do censo dos animais o ADN, co obxectivo de que unha vez realizada a mostra detéctese ao propietario da mascota."

Así mesmos dáse conta da emenda de substitución presentada por ASPUN que di:



- 1. Poñer en marcha campañas para concienciar sobre a importancia de manter a rúa libre de excrementos. É imprescindible que esta mensaxe chegue tamén aos nenos. As campañas escolares sobre por que e como recoller os excrementos caninos son fundamentais para crear conciencia.*
- 2. Aumentar o numero de colectores, para que os donos de cans poidan recoller os excrementos dos seus animais.*
- 3.- Propoñer á Xunta de Galicia o financiamento e posta en marcha de sistemas xa implantado noutros concellos, para incluír o ADN dos cans nos datos do censo de animais, co obxectivo de que unha vez realizada a mostra detéctese o propietario da mascota.*

DELIBERACIÓNS:

Sra. Vizoso Marcos: indica que cambian un pouco o punto dous e tres obviando o tema das bolsas porque é plástico e en marzo entra en vigor unha nova normativa, e consideramos que non se debe incrementar o seu uso. En canto o punto 3 necesitamos axuda para a financiación.

Sr. Gestido Porto: Pasa a xustificar a moción. O incremento das mascotas por parte dos veciños é visible e provoca un maior número de vías públicas intransitables. A parte de excrementos se poden provocar enfermidades. As bolsas poden ser de papel e as luvas tamén de outro material pero si é importante a existencia dos contedores. Hoxe recibín por parte dunha empresa que fai estes estudos o presuposto e a diferenza da comisión, onde falaba de 100 euros, o custe da análise inicial é sobre 22/23 euros o rexistro e a análise, unha vez recollida a mostra serían 25 /30 € a cargo do denunciante.

Con respecto ao engadido non sei ata que punto derivalo á Xunta de Galicia, debería ser unha iniciativa do Concello, que pida algunha axuda ten competencia

Sra. Castro Paredes: quería que se fixese un receso para que interveña Marta Mosquera vicepresidenta da asociación de propietarios de mascotas de Cangas.

Incidencias:

Cando son as 22:30 horas suspéndese o pleno para que interveña a asociación de propietarios de mascotas de Cangas.

Cando son as 22:39 horas retómase a sesión.

Sra. Castro Paredes: di que a asociación explica a situación real. Cando hai un problema hai que partir da situación real. As rúas máis afectadas son as máis pechadas e menos vixiadas, se están intentando facer medidas máis pequenas. Céntrase en querer manter o punto 1º (un reforzo positivo regalando contedores). Se continuará coa campaña de información do punto 2º e pide a retirada do punto 3º. Se reafirma nos 100 € de gasto a cargo do Concello, xa que fala de persoal específico alleo ao concello, e 60 euros para os propietarios.



Sr. Soliño Costas: considera que se trata dun problema cívico, están de acordo cos dous primeiros puntos, o 3º xera dúbidas e problemas. Di que é complicado analizar heces e que o concello leva mais de tres meses sen determinar a orixe.

Sr. Chillón Iglesias: di que no primeiro consello escolar plantexouse esta situación, e que o equipo de goberno o aplicará.

Sr. Gestido Porto: agradece a intervención da asociación. A finalidade da moción é a concienciación, é o obxectivo principal e é unha proposta en tono positivo, non ten problema de modificar os puntos da mesma en base ao manifestado por ASPUN. Hai ordenanza, e se pode incluír na mesma o rexistro do ADN.

Sr. Soliño Costas: por parte do concello non se pode votar balóns fora, cando a competencia é municipal.

Sra. Giráldez Santos: fixa o posicionamento do BNG pide que se retire o terceiro punto da moción para opoiala e que se modifique o dos dispensadores de bolsas e luvas e cambialo por contedores ou bolsas ecolóxicas. Entendemos necesaria unha campaña de concienciación, pero o tema do ADN voluntaria entendemos que sería irrealizable porque sabemos que maioritariamente os excrementos son de cans non rexistrados e os seus donos son incívicos e irresponsables.

Sr. Hermelo Álvarez: aclara que o rexistro de ADN e voluntario, e o que se indica e que sexa Xunta a que esixa o rexistro de ADN. Que mentres non sexa obrigatorio non ten sentido que o concello o aplique.

Sr. Abalo Costa: di que foi unha pena non aproveitar a comisión informativa para consensuar isto. O millor é mais grave o maltrato animal.

O Sr. Alcalde: dille ao Sr. Gestido aceptou a emenda de ASPUN pero agora ASPUN retirou a emenda. Pregunta ao Sr. Gestido Porto se retira o punto 3º.

Sr. Gestido Porto. Di que retira o punto 3º

Vótase a moción pero modificada no punto segundo a redacción da emenda presentada por ASPUN e sen o punto 3º.

VOTACIÓN E ACORDO DA PROPOSTA COA EMENDA PRESENTADA: o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta presentada coas correccións propostas, quedando do seguinte xeito:



Concello de Cangas

“1. Poñer en marcha campañas para concienciar sobre a importancia de manter a rúa libre de excrementos. É imprescindible que esta mensaxe chegue tamén aos nenos. As campañas escolares sobre por que e como recoller os excrementos caninos son fundamentais para crear conciencia.

2. Aumentar o número de colectores, para que os donos de cans poidan recoller os excrementos dos seus animais.”

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta das resolucións da Alcaldía ditadas desde o 21 de xaneiro ao 18 de febreiro de 2018

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

Dación de conta dos informes de reparo de intervención segundo a base de execución núm. 38 do orzamento municipal.

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

Dación de conta da execución presupostaria do cuarto trimestre 2017.

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

Dación de conta do seguemento do plan de axuste, cuarto trimestre 2017.

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

Dación de conta do informe de morosidade e periodo medio de pago, correspondente ao cuarto trimestre 2017.

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Sr. Soliño Costas, di que se o concello dispón dalgún proxecto ou anteprojecto das obras do Viso Iglesias, agradececa que llo facilitasen.

Concello de Cangas

Avenida de Castela, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850